

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A ACTUACIÓN DE AXENCIAS DE COLOCACIÓN

ALTA INICIAL

AMPLIACIÓN DOS CENTROS DE TRABAJO Neste suposto, n° de axencia de colocación:

I.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL (persoa física, entidade ou empresa)	NIF/CIF	CÓDIGO CONTA COTIZACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DOMICILIO SOCIAL (rúa, praza, n°, andar, etc.)		
<input type="text"/>		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONOS	FAX
<input type="text"/>	Fixo: <input type="text"/> Móbil: <input type="text"/>	<input type="text"/>

¿A entidade é Empresa de Tráballo Temporal? SI NON

No caso afirmativo, Número da Autorización como ETT

2.- DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

NOME E APELIDOS	CARGO OU REPRESENTACIÓN QUE OSTENTA	DNI/NIE/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

3.- DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (Só se é distinto ao indicado no apartado I)

DOMICILIO (rúa, praza, n°, andar, etc.)		
<input type="text"/>		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONOS	FAX
<input type="text"/>	Fixo: <input type="text"/> Móbil: <input type="text"/>	<input type="text"/>

4.- IDENTIFICACIÓN DO TIPO DE ACTIVIDADE

a) Actividade a realizar:

Axencia de Colocación Empresa de Recolocación Axencia de Colocación e Empresa de Recolocación

b) A actividade da Entidade será a casación das ofertas e demandas de emprego utilizando exclusivamente medios electrónicos.

SI NON

7.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMPROMISOS

A persoa abaixo asinante declara responsablemente, respecto da entidade que presenta esta declaración, que cumpre os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de axencia de colocación e dispón da documentación que así o acredita, e en particular:

- 1) Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e fronte á Seguridade Social.
- 2) Que está debidamente constituída e inscrita no rexistro correspondente (só no caso de persoa xurídica).
- 3) Que non se atopa incurso en ningunha circunstancia das que prohíben contratar coa administración, conforme ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- 4) Que dispón da solvencia técnica suficiente para o desenvolvemento da actividade de intermediación, o que implica,

1º. Dispoñer da metodoloxía de actuación axeitada, que comprenderá:

- a) Os procedementos, métodos e instrumentos para valorar os perfís, aptitudes, coñecementos e cualificación das persoas traballadoras co fin de axustalos aos requirimentos e características dos postos de traballo ofertados.
- b) O material técnico necesario para efectuar as diversas actividades de intermediación e, se é o caso, actuacións relacionadas coa busca de emprego, coa selección de persoal e a orientación e información profesional.

2º. Dispoñer de sistemas informáticos compatibles e complementarios co Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego, co fin de que o subministro de información sobre demandas e ofertas de emprego, así como do resto de actividades realizadas como axencias de colocación, se realice, polo menos, con periodicidade mensual e exclusivamente por medios electrónicos, entendidos estes sistemas informáticos como aqueles que:

- a) Permitan acceder ó sitio web que se determine no marco do Sistema Nacional de Emprego, validar a súa identidade de forma segura e transmitir información en ficheiros con formato XML e estrutura de datos básica acorde coas especificacións establecidas, que comprenderá polo menos:
 - Información individual por traballador sobre as actuacións realizadas.
 - Información agregada acumulada sobre as actuacións realizadas segundo os indicadores de medición de eficacia definidos, incluíndo a referida ás ofertas e postos de traballo captados e cubertos.

b) Dispoñer da seguinte páxina web:

http://

5) Que dispón de centros de traballo axeitados, tendo en conta a súa dimensión, equipamento e réxime de titularidade, o que implica (Non cumprimentar cando a actividade da entidade sexa a casación de ofertas e demandas de emprego utilizando exclusivamente medios electrónicos):

1º. Que dispón da propiedade, arrendamento ou dereito do uso das instalacións onde se vai a desenvolver a actividade.

2º. Que dispón da Licenza Municipal de apertura, ou no seu defecto, solicitude desta, axeitada á actividade dos centros de traballo de atención ao público nos que vai a desenvolver a súa actividade, ou outra documentación que habilite para o exercicio da actividade de acordo coa normativa municipal aplicable.

3º. Que as instalacións de atención ás persoas usuarias se adecúan á normativa vixente en materia de seguridade e hixiene e prevención de riscos laborais de centros de traballo.

4º. Que os centros de traballo cumpren coa lexislación vixente referida á accesibilidade universal, sen que exista discriminación das persoas con discapacidade, dándose de forma efectiva a igualdade de oportunidades.

5º. Que os centros de traballo contan con espazos axeitados, debidamente identificados e diferenciados para o desenvolvemento da actividade que permitan atención individualizada e grupal. A estes efectos deberán dispoñer, como mínimo, dun espazo para información e espera, outro para atención individualizada e outro para atención grupal.

6º. Que o centro de traballo dispón dun horario de atención ao público dos centros de traballo, que será polo menos de vinte e cinco horas semanais.

6) Que dispón de experiencia previa na execución dos programas de emprego e/ou xestión de recursos humanos, nos seguintes termos:

1º) Ter unha experiencia mínima dun ano na execución de programas de emprego e/ou xestión de recursos humanos. A experiencia poderase referir á entidade que presenta a declaración responsable, aos promotores da axencia de colocación ou polo menos ao 50% do persoal técnico do que esta dotada a entidade.

2º) As persoas físicas ou xurídicas que desexen actuar como empresas de recolocación terán que contar cunha experiencia mínima dun ano en actividades destinadas á recolocación de persoas traballadoras que resultaron excedentes en procesos de reestruturacións empresariais. Así mesmo, a experiencia poderase referir á entidade que presenta a declaración responsable, aos promotores da Empresa de Recolocación ou polo menos ao 50% do persoal técnico do que esta dotada a entidade.

e comprométese a:

1) Garantir ás persoas traballadoras a gratuidade pola prestación de servizos, tanto da intermediación laboral como daquelas actuacións relacionadas coa busca de emprego, estando incluídas neste último apartado as accións de orientación laboral así como todas aquelas sobre as que a entidade puidese percibir algún tipo de financiamento público.

2) Garantir, no seu ámbito de actuación, o principio de igualdade no acceso ao emprego, non podendo establecer discriminación algunha, directa ou indirecta, baseada nos motivos de orixe, incluído o racial ou étnico, sexo, idade, estado civil, relixión ou conviccións, opinión política, orientación sexual, afiliación sindical, condición social, lingua dentro do Estado e discapacidade, sempre que os traballadores se atopen en condicións de aptitude para o desempeño do traballo ou emprego de que se trate.

3) Dispoñer, en cada centro de traballo, de atención ao público nos que se desenvolverá a súa actividade, dun número suficiente de persoas para atender axeitadamente aos usuarios. Este número será como mínimo de dúas persoas e polo menos o 50 por cento deberán ser titulados universitarios medios ou superiores, ou grao equivalente. Así mesmo, polo menos o 50 por cento do persoal técnico que atenda ás persoas traballadoras deberá contar cunha experiencia mínima de 6 meses en programas de emprego e/ou xestión de recursos humanos.

4) Garantir o respecto á intimidade e dignidade das persoas traballadoras no tratamento dos seus datos, sometendo a actuación nesta materia á normativa aplicable de protección de datos de carácter persoal.

5) Cumprir as obrigas e os requisitos, e mantelos durante o período do exercicio da actividade, establecidos para as Axencias de Colocación na Lei 56/2003, do 16 de decembro, do Emprego, no Real Decreto 1796/2010, do 30 de decembro, polo que se regulan as axencias de colocación, nos instrumentos de coordinación que formalicen os Servizos Públicos do Emprego, de acordo co previsto no artigo 4 do Real Decreto 1796/2010, do 30 de decembro, incluíndo o documento de requisitos e obrigas de actuación das axencias de colocación publicado na web do Sistema Nacional de Emprego, así como calquera outra obriga que normativa ou regulamentariamente se estableza e as demais instrucións e procedementos que determinen os Servizos Públicos de Emprego.

A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se houbera acompañado ou incorporado a esta declaración responsable, así como o incumprimento dos requisitos, obrigas e compromisos establecidos, determinarán a imposibilidade de continuar coa actividade como axencia de colocación, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

A persoa abaixo asinante faise responsable da veracidade dos datos consignados.

Así mesmo autoriza ao Servizo Público de Emprego de Galicia a verificar os datos anteriores mediante solicitude de información por calquera medio ás administracións públicas correspondentes.

A sinatura desta declaración responsable leva consigo a aceptación das obrigas, requisitos e compromisos recollidos na mesma.

En , a de de

Sinatura e selo:

Os datos de carácter persoal recollidos nesta declaración formarán parte dun ficheiro de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal aos únicos efectos de xestionar a declaración presentada, e quedan sometidos á protección establecida na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A presentación da declaración leva consigo a autorización da entidade solicitante para tratalos de xeito automático e cedelos para fins de avaliación e control aos organismos de control nacionais e comunitarios. Conforme á Lei Orgánica citada, a entidade declarante poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido ao Servizo Público de Emprego Estatal.

SR./SRA. DIRECTOR/A XERAL DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA